



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO

Barcia Rodríguez, Ignacio  
Blanco Pesqueira, Antonia  
Estévez Toranzo, Margarita  
Fernández Iglesias, Manuel  
Fernández Jáuregui, Manuel  
Lameiras Fernández, María  
Longo González, M<sup>a</sup> Asunción  
Mato de la Iglesia, Salustiano  
Valeije Álvarez, M<sup>a</sup> Inmaculada  
Vilán Vilán, Xosé Antonio

### DECANOS/DIRECTORES

Alén González, Elisa  
Alonso Carrera, Jaime  
Araújo Nespereira, Pedro A.  
Arias Sánchez, Pedro  
De Lorenzo Rodríguez, Edita  
García Fontán, Soledad  
Gutiérrez Nieto, Manuel  
López Díaz, María  
Noia Campos, M<sup>a</sup> Camiño  
Pou Saracho, Juan María  
Suárez Pazos, Mercedes  
Vila Alonso, Mercedes

### PDI-A:

Alba Castro, José Luis  
Caballero Rúa, Armando  
Grande Seara, Pablo  
Graña Rodríguez, Ana María  
Meana Martínez, Juan Carlos  
Mejías Sacaluga, Ana María

### PDI-B:

Fernández Covelo, Emma  
Gil Villanueva, José María

### ESTUDANTES:

Silveira Valledor, Manuel

### PAS:

Pérez Gómez, Luis

### CONSELLO SOCIAL

Fernández González, Agustín  
López Atrio, María Laura  
Pérez Mato, Federico

### SINDICATOS

Diez Ferrer, José Bienvenido  
Fernández Fernández, Federico

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Barreiro Alonso, Enrique  
Cabeza Pereiro, Jaime  
Fernández Suárez, Emilio Manuel  
Pino Juste, Margarita  
Varela Martínez, Iago

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 23 de marzo de dous mil doce, convocada para as 10:00 horas en primeira convocatoria e ás 10:30 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría.

O venres día **23 de marzo de 2012** ás 10:30 horas deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 8 de febreiro de 2012.
2. Informe do Reitor.
3. Aprobación, se procede, da convocatoria de axudas á investigación.
4. Aprobación, se procede, da proposta de título de Máster Universitario en Procuradoría.
5. Aprobación, se procede, das modificacións de plans de estudo de máster universitario.
6. Aprobación, se procede, do límite de prazas para o curso 2012-2013.
7. Aprobación, se procede, do encargo de docencia para o curso 2012-2013: programación docente anual (PDA) para as titulacións de grao e titulacións LRU.
8. Aprobación, se procede, das normas básicas do POD para o curso 2012-2013.
9. Execución da sentenza do TSXG, de 15 de febreiro de 2012, pola que se anula o acordo de Consello de Goberno, de 20 de abril de 2009, que encomendaba á Xunta de Facultade da Facultade de Ciencias a proposta de plan de estudos “un título de transformación da licenciatura de física” e o acordo de 2 de outubro de 2009, polo que se desestimaba o recurso de alzada contra o acordo da Xunta de Facultade da Facultade de Ciencias de Ourense.
10. Aprobación, se procede, da adhesión da Universidade de Vigo á participación na creación do Consorcio “Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial (ITMATI)”.

11. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do Departamento de Dereito Público Especial.

12. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e L'Université de Moncton (Canadá) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e L'Université de Moncton (Canadá) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Instituto Tecnológico y de Estudios Superiores de Occidente, A.C. -ITESO- (México) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Instituto Tecnológico y de Estudios Superiores de Occidente, A.C. -ITESO- (México) para o intercambio de estudantes – Convenio de cooperación entre Global Education for European Engineers and Entrepreneurs (GE4) e a Universidade de Vigo – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Centro Universitário Univates (Brasil) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Centro Universitário Univates (Brasil) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a University of South Dakota (EE.UU.) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a University of South Dakota (EE.UU.) para o intercambio de estudantes – Convenio de colaboración académica entre a Universidade de Vigo e o Ilustre Colexio de Avogados de Vigo – Convenio de colaboración académica entre a Universidade de Vigo e o Ilustre Colexio de Avogados de Ourense – Convenio de colaboración académica entre a Universidade de Vigo e o Ilustre Colexio de Avogados de Pontevedra – Memorando de entendemento entre a Universidade de Vigo e a Universidade de Santiago de Compostela (Mestrado en Arte Contemporánea, Creación e Investigación) – Convenio de colaboración entre a Consellaría de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para a realización de prácticas dos alumnos do “Máster interuniversitario en Técnicas Estatísticas” – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a State Marine Technical University (Rusia) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a State Marine Technical University (Rusia) para o intercambio de estudantes.
13. Rogos e preguntas.

**Punto 1.** Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 8 de febreiro de 2012.

Apróbase por asentimento.

**Punto 2.** Informe do Reitor.

Toma a palabra o reitor para comezar dando a benvida ao Sr. Xulio Calviño, novo membro do Consello de Goberno en representación do Consello Social.

Seguidamente, dá conta aos membros do Consello de Goberno de que foi notificado o auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo Nº 1 de Vigo, de 13 de febreiro de 2012, polo que se ordena que se proceda á inmediata execución da sentenza ditada nos autos do procedemento abreviado Nº 107/2002, comezando pola anulación dos nomeamentos de catedráticos, derivados dos procedementos selectivos da convocatoria de cátedras I+D+i, aprobadas polo acordo de Consello de Goberno de 12 de novembro de 2001. Para ese efecto, o reitor informa que foi solicitado un ditame a un gabinete de avogados especializados para decidir se a Universidade debe apelar ou se, pola contra, resulta improcedente ou

inconveniente unha nova actuación procesual contra o auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo. Sinala, que a conclusión do ditame é concluínte no sentido de que un novo recurso ten un alcance limitado, só podería decidir acerca das concretas circunstancias da execución da sentenza, pero en ningún caso a rebater os pronunciamentos da mesma, que é firme en Dereito; di que, en opinión do informe, a Universidade de Vigo debería proceder sen máis demora ao cumprimento, nos seus propios termos, do ordenado no auto en cuestión. A continuación, o reitor di que a Universidade de Vigo mantivo en todo o dilatado proceso administrativo e xurisdiccional unha firme postura en defensa da legalidade do acordo da Xunta de Goberno de 12 de novembro de 2001 e das resolucións adoptadas na convocatoria das cátedras I+D+i. Que o esforzo da Universidade en defender a legalidade da súa resolución e os fundados e repetidos argumentos xurídicos, que amparan a súa legalidade e corrección, demostráronse, por desgraza, inanes e rexeitados polas diversas instancias xurisdiccionais. A Universidade, en plausible defensa da legalidade da súa actuación e dos dereitos dos profesores nomeados, tratou por todos os medios de validar a súa situación, sen executar frontalmente o fallo xudicial. O reitor fai a reflexión de que non parece que poida esixirse un comportamento máis leal e comprometido da Universidade cos seus docentes. Nestas circunstancias, e dada a inviabilidade de novas actuacións de oposición ao fallo ou de carácter dilatorio, a Universidade de Vigo procederá ao cumprimento, nos seus propios termos, do ordenado no Auto en cuestión, informa que ditará unha resolución reitoral que materilizará a anulación dos nomeamentos de catedráticos derivados do procedemento selectivo.

Informa que será a finais do mes de marzo cando se proceda a ditar a resolución reitoral pertinente, quere engadir que, de ningún xeito, a sentenza afecta ás actuacións realizada dos profesores na súa condición de catedráticos.

Seguidamente, o reitor informa que tamén foi notificada a sentenza do TSXG de 29 de febreiro de 2012, pola que se acorda estimar o recurso de apelación interposto polos profesores de Físicas contra o acordo de Consello de Goberno de de a UVIGO de 20 de abril de 2009, sobre a encomenda á Xunta de Facultade de Ciencias para propor un plan de estudos para a transformación da licenciatura de Física; engade que sobre este punto informará máis amplamente no punto 9 da orde do día.

Continúa informando da súa reunión co presidente da Xunta de Galicia o pasado 21 de febreiro. Os temas tratados foron:

Dar conta ao presidente da próxima Conferencia de Reitores das Universidades do Noroeste (CRUNO) e da Conferencia de Reitores do Suroeste de Europa (CRUSOE) e que o acto previsto teña a súa sede na UVIGO; solicítaselle ao presidente da Xunta, unha recepción aos reitores destas organizacións; queda en indicarlle a data da xuntanza para que asista en calidade de presidente da Xunta de Galicia; expón a posibilidade de convidar tamén ao presidente de Castela-León unha vez que quede fixada a data.

Respecto ao Consorcio Interuniversitario de Galicia, por parte do reitor da Universidade de Vigo déixase constancia de que é imprescindible que a Xunta de Galicia estea presidindo e coordinando esta figura.

Sobre o Campus do Mar, informa que se está traballando coa Consellaría de Medio Ambiente e Ordenación Territorial para pór en marcha as cesión e titularidade dos terreos da antiga ETEA (Escola de Transmisións Electrónicas da Armada), e comezar coa execución das infraestruturas do Campus do Mar, que se iniciarán no 2013 e durarán ata o 2015.

A continuación, informa sobre o Anteproxecto de Lei Galega de Universidades. Informa que se enviou á Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria unha proposta de borrador coas reflexións do grupo de goberno da Universidade de Vigo, e que foron acollidas no seu maior parte e se reflicten no novo documento. A este respecto, débese indicar que o vindeiro día 28 de marzo se celebrará unha sesión do Consello Galego de Universidades no que a Xunta presentará o Anteproxecto de Lei.

O reitor dá conta da xuntanza coa conselleira de Traballo e Benestar o día 21 de febreiro. No acto entrégaselle á conselleira de Traballo e Benestar os seguintes dossiers:

- a) INCUVI 2.0. Innoserción 2.0. Programa de emprego e emprendemento xuvenil.
- b) Programa de emprego xuvenil nunha economía sostible. Eixo de transferencia- Campus do Mar

Para rematar, dá conta de que coa presidenta de Zona Franca, Dna. Teresa Pedrosa, renovaron a aposta por ambas institucións pola transferencia de coñecemento a través dos proxectos CITEXVI e Polo de Innovación para apoiar o tecido industrial de Vigo.

**Punto 3.** Aprobación, se procede, da convocatoria de axudas á investigación.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, quen comeza informando que a convocatoria de axudas á investigación que se propón segue unha liña similar á do ano 2011, manténdose, en liñas xerais, os mesmos apartados e conceptos de axuda. Así, expónse programas de axudas estruturais a grupos de investigación; axudas destinadas a incentivar as propostas de proxectos internacionais de I+D; subvencións para organización de congresos e exposicións artísticas; axudas á mobilidade do persoal investigador; axudas ás actividades relacionadas coa protección e a valorización de resultados de investigación; procesos de certificación e acreditación; á reparación de equipamento científico; e programas de bolsas e axudas á formación. A vicerreitora sinala que se prestou en todo momento especial atención ao apoio ao persoal en formación (bolsas e axudas de mobilidade), como se reflicte no feito de que o 67,5% do orzamento total dispoñible se destina a este colectivo.

Enumera os aspectos máis significativos que varían con respecto á convocatoria do ano 2011 que, na súa opinión, son os seguintes:

- No apartado de axudas estruturais a grupos de investigación, e tendo en conta a experiencia e resultados de convocatorias anteriores, concentrouse o esforzo nos contratos-programa a grupos de investigación, unificando os importes da axuda, que será de duración anual.

- No relativo ás axudas á organización de congresos, exclúense deste apartado o caso de reunións científicas e encontros de investigadores, con obxecto de simplificar o proceso de convocatoria. No entanto, o apoio a este tipo de actividades non desaparece, senón que se contempla, cos mesmos importes máximos de subvención, no apartado de Visitas de investigadores e investigadoras.

- As axudas de mobilidade, bolsas de viaxe e estancias de investigación, destínanse especificamente ao persoal en formación: contratados posdoctorales no marco de programas competitivos nacionais e autonómicos, e alumnos predoctorales.

- Programa de bolsas e axudas á formación: mantéñense as axudas á etapa de máster e de realización de tese doutoral, con maior énfase nesta última. Inclúense na convocatoria as bolsas de formación no Centro de Investigación, Transferencia e Innovación (CITI) e o Centro Atlántico de Investigación en Tecnoloxías da Información e Comunicacions (AtlantTIC), ademais das pre-existentes para CACTI e ECIMAT, con formato totalmente análogo. En relación con estas dúas modalidades de bolsa, hai que indicar unha errata no texto proporcionado a este Consello de Goberno, nas páxs. 60 e 64, apartado 7-Avaliación e selección, onde se fai referencia ao informe emitido pola dirección do centro, que debe ser o centro de acollida en cada caso (CITI ou AtlantTIC).

A vicerreitora chama a atención sobre que en todas as axudas se salienta o equilibrio entre ámbitos de coñecemento na concesión das mesmas, de modo que os mellores candidatos de cada ámbito poidan ser adxudicatarios; que se unifican e simplifícan, no posible, os criterios de valoración; que se salienta tamén, o compromiso por parte dos solicitantes de solicitar as axudas doutros organismos, autonómicos ou nacionais para o mesmo fin que se poidan convocar, e a incompatibilidade do goce destas axudas coas da Universidade de Vigo. Termina a súa intervención dicindo que esta convocatoria que se presenta foi aprobada en Comisión de Investigación de 19 de marzo de 2011.

Intervén a Prof<sup>a</sup> Camiño Noia para solicitar que se teña en conta nos proxectos de investigación as solicitudes das áreas minoritarias, como se fai noutras universidades.

A vicerreitora de Investigación contesta que se terá en conta nas adxudicacións, que o numero de solicitudes non é igual, tamén inflúe na porcentaxe de adxudicacións.

Apróbase por asentimento a convocatoria de axudas á investigación recollida no **Anexo I**.

**Punto 4.** Aprobación, se procede, da proposta de título de Máster Universitario en Procuradoría.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Ordenación Académica, Profesorado e Titulacións, quen di que o Máster Universitario en Procuradoría é unha esixencia da Lei 34/2006, de 30 de outubro, sobre o acceso ás profesións de Avogado e Procurador dos Tribunais. A realización do máster habilita para presentarse ás probas de avaliación para o acceso á procuradoría, cuxa superación permite a obtención do título profesional de procurador dous tribunais. Trátase dun máster interuniversitario no que participan as tres

universidades galegas e está coordinado pola USC. Neste Consello de Goberno presentase a versión final da memoria, que foi aprobada pola Comisión de Estudos de Posgrao.

Apróbase por asentimento.

**Punto 5.** Aprobación, se procede, das modificacións de plans de estudo de máster universitario.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Ordenación Académica, Profesorado e Titulacións, quen informa que, de acordo co calendario aprobado para modificar títulos de máster para a súa implantación no curso universitario 2012-2013, se solicitaron modificacións nos seguintes másteres:

- Máster Universitario en Fotónica e Ciencias do Láser (Facultade de Ciencias)
- Máster Universitario en Creación, Dirección e Innovación da Empresa (Facultade Ciencias Empresariais e Turismo)
- Máster Universitario en Enxeñaría da Soldadura (Escola de Enxeñaría Industrial)
- Máster Universitario en Enerxía e Sustentabilidade (Escola de Enxeñaría Industrial)
- Máster Universitario en Enxeñaría de Edificación e Construción Industriais (Escola de Enxeñaría Industrial)
- Máster Universitario en Tecnoloxías e Procesos na Industria do Automóbil (Escola de Enxeñaría Industrial)
- Máster Universitario en Prevención de Riscos Laborais (Escola de Enxeñaría Industrial)
- Máster Universitario en Economía, Avaliación e Xestión do Medio Mariño e Recursos Pesqueiros (Facultade de CC.EE. e Empresariais)
- Máster Universitario en Políticas Comunitarias e Cooperación Territorial (Facultade de CC.EE. e Empresariais)
- Máster Universitario en Xestión do Desenvolvemento Sostible (Facultade de CC.EE. e Empresariais)

A vicerreitora fai un resumo das modificacións solicitadas, subliñando que a maioría son para modificar a relación de competencias e a descrición de actividades formativas, e outras para axustarse a algunhas esixencias formais derivadas do Real decreto 861/2010, de 2 de xullo, polo que se modifican determinados aspectos da regulación que actualmente ordena os ensinos universitarios oficiais.

Explica detidamente as modificacións solicitadas no Máster de Economía, Avaliación e Xestión do Medio Mariño e Recursos Pesqueiros (suspendeuse a súa implantación por non ter o número mínimo de alumnos nos últimos anos académicos) e, segundo as instrucións da Consellería, só se pode ofertar no curso 2012/2013 se se modifica. As modificacións do plan de estudos tamén gardan relación coa modificación do número total de créditos (de 120 ETCS a 90 ETCS).

Finaliza informando de que as modificacións foron aprobadas pola Comisión de Posgrao do día 22 de marzo.

Apróbase por asentimento.

**Punto 6.** Aprobación, se procede, do límite de prazas para o curso 2012-2013.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Ordenación Académica, Profesorado e Titulacións, quen di que neste apartado se deben diferenciar varios aspectos: o límite de prazas dos graos, o límite de prazas de segundo ciclo e o límite de prazas por trasladados.

Respecto ao límite de prazas para o curso 2012-2013 nos graos que se impartan na Universidade de Vigo, a vicerreitora di que a proposta se axusta ao contemplado no decreto de Titulacións da Xunta de Galicia de decembro de 2011, que regula as ensinanzas universitarias, no que se esixe un número de 50 matriculados en primeiro curso nas titulacións que se impartan no Campus de Vigo e de 45 nos Campus de Ourense e Pontevedra. En consecuencia, increméntanse o límite ata chegar a 50 prazas nos campus de Vigo, nos graos en Estudos de Galego e Español, Linguas Estranxeiras, Enxeñaría da Enerxía e Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos. Respecto dos campus de Ourense e Pontevedra, sinala que se propón incrementar o límite a 45 prazas nos graos en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Enxeñaría Agraria, Xeografía e Historia, Consultoría e Xestión da Información no caso de Ourense e en Dirección e Xestión Pública e Comunicación Audiovisual no do Campus de Pontevedra. A vicerreitora sinala que os incrementos propostos se deben á esixencia do decreto de titulacións para os graos, e indica que polo momento non sería imprescindible aplicalo, pero no curso 2015/2016 analizaranse os números de entrada dos tres cursos anteriores e será requisito cumprir ese requisito.

Respecto das reducións de prazas, a vicerreitora informa que no Grao en Enxeñaría das Tecnoloxías Industriais o límite pasa de 200 a 140, en Enxeñaría Eléctrica pasa de 75 a 60 e en Enxeñaría en Química Industrial pasa de 80 a 60. A vicerreitora di que as instrucións da Consellaría indican que se poden reducir prazas ata un 5%, e os descensos superiores serán autorizados se se constata unha demanda claramente inferior nos cursos anteriores, que é o que ocorre nos citados graos da Escola de Enxeñaría Industrial.

A vicerreitora sinala que o resto dos graos manteñen o mesmo límite que do curso 2011-2012.

Respecto das propostas de aumento de prazas nos graos efectuadas polos centros adscritos, Escola de Enfermaría de POVISA e de Educación Infantil e Primaria da Escola María Sapientiae, a vicerreitora informa que foi informada desfavorablemente pola COAP; que propón que se manteñan as prazas con respecto a este curso. A razón é que calquera aumento supón unha modificación da memoria, que ambas titulacións se imparten noutros centros dos tres campus e que a análise debe ser global.

Respecto do límite de prazas en 2º ciclo de titulacións LRU, os límites son os seguintes: Enxeñaría de Telecomunicación (50 prazas), Enxeñaría Industrial (60 prazas) e Enxeñaría en Organización Industrial (20 prazas).

Respecto aos límites de prazas no Grao en Enxeñaría Mecánica impartido no Centro Universitario da Defensa, os límites de prazas corresponde establecelos ao Ministerio de Defensa.

En materia de traslados apróbanse as propostas remitidas polos centros.

O Prof. Armando Caballero pregunta se o aumento do número de prazas implica cambios na memoria. A vicerreitora respóndelle que si, xa que, pode afectar á viabilidade do título, porque supón máis recursos humanos e materiais.

Apróbase por asentimento o límite de prazas (**Anexo II**) para o curso 2012-2013.

**Punto 7.** Aprobación, se procede, do encargo de docencia para o curso 2012-2013: programación docente anual (PDA) para as titulacións de grao e titulacións LRU.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Ordenación Académica, Profesorado e Titulacións quen comeza por diferenciar a programación docente anual en grao e en titulacións LRU.

Informa do actual contexto académico: número de cursos de grao implantados (157) no curso 2012-2013 e número de titulacións LRU pendentes de extinción, sinala que no vindeiro curso se incrementan o número de cursos a impartir.

Continúa describindo como se fai o encargo de acordo coa normativa aprobada por acordo de Consello de Goberno do 21 de decembro de 2011.

Agradece o traballo dos centros, di que a maioría dos centros adaptaron a súa PDA a estas normas coa excepción do Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación; o número de horas de encargo supera nun 9% o límite fixado na normativa. O centro fai esta proposta en base ao apartado da normativa que di “A COAP poderá autorizar un número maior de horas naqueles casos en que poida constatare que a proposta do Centro pode desenvolverse exclusivamente co cadro existente de PDI a tempo completo”. Todo apunta a que pode ser aceptada a proposta. Pero a aceptación da mesma queda supeditada á comprobación da condición citada.

Propón que se aprrobe a proposta dos encargos de PDA para o curso 2012-2013, salvo a proposta de Telecomunicacións, que queda pendente da comprobación do cumprimento dese requisito.

Ábrese unha quenda de intervencións.

O prof. Armando Caballero fai unhas manifestacións (**Anexo III**) que di que achegará por escrito e anuncia o seu voto en contra.

Intervén a Prf<sup>a</sup> Soledad García para dicir que todos os centros deben facer un esforzo por axustarse á normativa, aínda que algún centro teña pensado un “plan B” que supoña máis horas de encargo, sempre que se cumpra a excepción establecida na normativa.



Intervén a Prof<sup>a</sup> Camiño Noia para resaltar o labor do centro na elaboración da PDA de tradución, pero que hai problemas que deben solucionarse, sinala como exemplo a materia optativa Tradución Literaria. Solicita que se revisen os plans de estudos para que non se solapen as materias a impartir.

Intervén o Prof. Juan Pou para pedir que se revise a normativa; di que se está esixindo aos centros un esforzo enorme para encaixar as horas nun marco normativo excesivamente rigoroso. Defende que se presente outro plan ou que, en todo caso, se teñan en conta as necesidades dos distintos ámbitos de coñecemento.

Responde a vicerreitora que o esforzo tamén ten que vir desde a elaboración do plan de estudos e eloxia nese sentido o plan de estudos do grao de telecomunicacións; trátase dun grao único con varias orientacións.

Intervén o reitor para agradecer o esforzo dos centros para elaborar o encargo de docencia para o curso 2012-2013. Di que, fronte ás preocupacións dos profesores, se intentará no próximo Regulamento de profesorado introducir normas para ter unha marxe de mellora. Solicita que se voten o encargo docente.

Procédese á votación:

Votos a favor: 26

Votos en contra: 1

Abstencións: 4

Respecto ao cambio de encargo (con respecto ao curso anterior) de materias aos departamentos, a vicerreitora de Ordenación Académica, Profesorado e Titulacións sinala o seguinte:

a) Encargo da materia “Fisioloxía” do Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (Facultade de Ciencias de Ourense): esta materia de primeiro curso, antes encargada ao departamento C01-Bioloxía Funcional e Ciencias da Saúde, pasa a encargarse ao departamento C07-Química Analítica e Alimentaria. A COAP considerou inicialmente que este cambio debería estar xustificado e acordou solicitar ao centro o correspondente informe.

Recibidos os informes do centro relativos ás dispoñibilidades de profesorado no Campus de Ourense, xa manifestadas no momento de realizar o estudo de viabilidade da titulación, a COAP admitiu a proposta de encargo.

b) Encargo da materia “Química Inorgánica” do Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (Facultade de Ciencias de Ourense): esta materia de segundo curso, antes encargada ao departamento C09-Química Inorgánica, pasa a encargarse ao departamento C11-Química Física. A COAP considerou inicialmente que este cambio debería estar xustificado e acordou solicitar ao centro o correspondente informe.

Recibidos os informes do centro relativos ás dispoñibilidades de profesorado no Campus de Ourense, xa manifestadas no momento de realizar o estudo de viabilidade da

titulación, a COAP admitiu, a proposta de encargo, indicando que debería compartirse entre os departamentos de Química Física e Química Orgánica.

Intervén o Prof. Pedro Araújo, decano da Facultade de Ciencias de Ourense, para dicir que lle parece ben a proposta, tendo en conta o profesorado existente no Campus de Ourense.

c) Encargo da materia “Química” de primeiro curso dos seis graos da Escola de Enxeñaría Industrial: no conxunto dos graos, hai un total de 12 grupos desta materia. A proposta inicial do centro foi encargar: 9 grupos ao departamento T04-Enxeñaría Química, 2 grupos ao C09-Química Inorgánica e 1 grupo ao C07- Química Analítica e Alimentaria.

Tendo en conta a capacidade docente dos departamentos implicados e dos departamentos C10-Química Orgánica e C11-Química Física (non incluídos na proposta), a COAP acordou indicar ao centro que debía modificar a proposta encargando menos grupos ao T04-Enxeñaría Química e incluíndo aos departamentos C10-Química Orgánica e C11-Química Física.

A nova proposta do centro é encargar:

- 7 grupos ao departamento T04-Enxeñaría Química
- 2 grupos ao C09-Química Inorgánica
- 2 grupos ao C11-Química Física
- 1 grupo ao C07- Química Analítica e Alimentaria

De novo, tendo en conta a capacidade docente dos departamentos implicados e do departamento C10-Química Orgánica (non incluído nesta segunda proposta), a COAP acordou, para a súa remisión ao Consello de Goberno, informar desfavorablemente ao entender que se deberían encargar menos grupos ao departamento T04-Enxeñaría Química e debería incluírse ao departamento C10-Química Orgánica.

O profesor Juan Pou, director do centro, defende a proposta de encargo e manifesta a súa oposición a este acordo da COAP.

A vicerreitora di que a proposta do cambio da materia Química, realizada pola Escola de Enxeñaría Industrial, tal e como vén formulada, non pode ser aprobada, que as razóns da negativa obedecen ao uso racional de recursos, unha vez estudadas as capacidades de todos os departamentos implicados.

Intervén o Prof. Juan Pou para xustificar a proposta; di que a proposta se xustifica polas dificultades de coordinar un elevado número de profesores e porque pretenden que todos os alumnos reciban a mesma formación.

Intervén a Prof<sup>a</sup> Soledad García para dicir que non hai problemas de coordinación cos catro departamentos de Química.

O reitor incide en que os recursos docentes existentes deben ser utilizados de xeito racional.

Apróbase a proposta da COAP.

**Punto 8.** Aprobación, se procede, das normas básicas do POD para o curso 2012-2013.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Ordenación académica, Profesorado e Titulacións quen fai un resumo da normativa presentada, indicando que se trata dunha presentación conxunta de normativas anteriores, cara á elaboración do POD.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén o Prof. Pedro Arias, quen traslada as inquietudes dos directores de departamento con maior docencia. Fai consideracións sobre o punto 1.3 no que, segundo a normativa, a capacidade docente dun departamento é a suma de capacidades docentes de todo o profesorado do departamento segundo á súa dedicación. Opina, que a aplicación literal deste precepto pode conducir a que determinadas áreas teñan que asumir a docencia doutras áreas que carecen de folgura.

A vicerreitora responde que o POD dos graos xa era así o curso anterior.

O reitor di que estamos aprobando un documento para distribuír a carga docente entre departamentos, non a distribución de docencia entre áreas. Indica que lle corresponde á COAP interpretar a normativa, e que a distribución se fará con racionalidade académica e en función da capacidade e formación dos profesores.

Intervén o Prof. Juan Pou para facer obxeccións ao art. 1.2 da proposta de normativa. Lembra que xa as fixo con ocasión do Consello de Goberno de 14 de novembro de 2011, no que se aprobou a normativa de carga docente básica. Nese momento solicitou a introdución de indicadores adaptados ás titulacións do ámbito tecnolóxico e pide que se incorpore unha modificación ao art. 1.2.

Responde a vicerreitora que iso é imposible xa que este documento non pode contradicir unha normativa do propio Consello de Goberno.

Procédese á votación:

Votos a favor: 25  
Votos en contra: 3  
Abstencións: 4

Apróbanse as normas básicas do POD (**Anexo IV**) para o curso 2012-2013.

**Punto 9.** Execución da sentenza do TSXG, de 15 de febreiro de 2012, pola que se anula o acordo de Consello de Goberno, de 20 de abril de 2009, que encomendaba á Xunta de Facultade da Facultade de Ciencias a proposta de plan de estudos “un título de transformación da licenciatura de física” e o acordo de 2 de outubro de 2009, polo que se desestimaba o recurso de alzada contra o acordo da Xunta de Facultade da Facultade de Ciencias de Ourense.

O reitor di que foi notificada a sentenza do TSXG de 15 de febreiro, que estimaba o recurso presentado por un grupo de profesores contra o acordo adoptado polo órgano de goberno en abril de 2009, polo que se encomendaba á Xunta de Facultade a elaboración da proposta de plan de estudos.

Seguidamente, o reitor dá lectura ao Fallo da citada sentenza, que di que:

*“Estimar el recurso contencioso-administrativo interpuesto frente al acuerdo del Consello de Goberno de la Universidad de Vigo de 20 de abril de 2009 sobre encomienda a la Xunta de Facultad de Ciencias que proponga un plan de estudios para “1 título transformación de la licenciatura de física”.*

*“Estimar el recurso contencioso-administrativo interpuesto frente al acuerdo del Rector de la Universidad de Vigo de 2 de octubre de 2009 por lo que desestimó el recurso de alzada contra lo acuerdo de la Xunta de la Facultad de Ciencias de Ourense, en sesión de 23 de junio de 2009.*

*Declarar la invalidez de ambos a acuerdos”.*

O reitor expón que para executar dita Sentenza nos seus propios termos propón que se adopte o seguinte acordo: encomendar á Xunta de Titulación de Física a elaboración do Plan de Estudos para "1 Título transformación da licenciatura de Físicas", seguindo o procedemento regulado polas Directrices Propias da Universidade de Vigo sobre a Estrutura e Organización de Estudos de Grao.

O reitor asegurou que este é un acordo que estamos obrigados a tomar, cuxa aplicación comezará coa posta en marcha da Xunta de Titulación, á quen se lle trasladará o encargo. Tamén fixo especial fincapé en asegurar que o cumprimento desta sentenza non afecta ao Grao en Ciencias Ambientais, o cal goza de plena vixencia académica e continuará impartíndose no Campus de Ourense.

Intervén o Prof. Pedro Araújo para preguntar que título pode propor, e se pode ser ata do ámbito tecnolóxico.

O reitor responde que a prioridade é encargar á Xunta de Titulación a transformación do título de Físicas. O reitor asegurou que, en calquera caso, a proposta se deberá axustar e cumprir con todos os requisitos das normativas actuais que aseguran a viabilidade dunha titulación.

Apróbase por asentimento o seguinte acordo: encomendar á Xunta de Titulación de Física a elaboración do Plan de Estudos para "1 Título transformación da licenciatura de Físicas", seguindo o procedemento regulado polas Directrices Propias da Universidade de Vigo sobre a Estrutura e Organización de Estudos de Grao.

**Punto 10.** Aprobación, se procede, da adhesión da Universidade de Vigo á participación na creación do Consorcio “Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial (ITMATI)”

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Transferencia de Coñecemento, quen explica que se trata da adhesión á participación na creación. Informa da composición do futuro Consorcio, a súa misión e obxectivos. Di que, fundamentalmente, persegue converterse nun centro de investigación tecnolóxica de referencia a nivel internacional no ámbito de matemática industrial; contribuír ao fortalecemento e potenciar a competitividade na contorna industrial e empresarial mediante o logro da excelencia na investigación e o desenvolvemento de tecnoloxía matemática, orientada á transferencia de coñecemento á industria. Manifesta que entre a documentación se achega tamén unha versión ampliada, a cal detalla a misión e obxectivos do Consorcio.

Toma a palabra o reitor para sinalar que á proposta xa se adheriu a Universidade da Coruña; que a creación do Consorcio é a continuación da colaboración dos seus promotores -membros da rede de Matemática Industrial- que participaron nun Proxecto CONSOLIDER. Sinala, que con esta adhesión, polo momento, non nos comprometemos economicamente, só apoiar a decisión administrativa de creación.

Apróbase por asentimento.

**Punto 11.** Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do Departamento de Dereito Público Especial.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen informa que, como consecuencia da transformación do Departamento de Dereito Público Especial, Comunicación Audiovisual e Publicidade en dous departamentos, se creou o Departamento de Dereito Público Especial e o Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade.

Dita creación foi aprobada polo Consello de Goberno, na sesión do día 29 de marzo de 2011, e polo Claustro Universitario, na sesión do día 6 de xullo de 2011.

Como consecuencia da creación dos novos departamentos, faise necesaria a elaboración e aprobación do regulamento de réxime interno de cada un deles.

O artigo 46 dos Estatutos da UVIGO, dispón que corresponde ao Consello de Departamento a *“Elaboración, aprobación e modificación da proposta do seu regulamento de réxime interno”*.

O artigo 39 dos Estatutos da UVIGO, establece que corresponde ao Consello de Goberno a *“aprobación de todas as normativas que non sexan competencia do Claustro”*.

De acordo co exposto anteriormente, sométese á aprobación do Consello de Goberno a proposta de Regulamento do Departamento de Dereito Público Especial, aprobado polo Consello de Departamento o día 19 de decembro de 2011.

Apróbase por asentimento.

**Punto 12.** Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e L'Université de Moncton (Canadá) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e L'Université de Moncton (Canadá) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Instituto Tecnológico y de Estudios Superiores de Occidente, A.C. -ITESO- (México) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Instituto Tecnológico y de Estudios Superiores de Occidente, A.C. -ITESO- (México) para o intercambio de estudantes – Convenio de cooperación entre Global Education for European Engineers and Entrepreneurs (GE4) e a Universidade de Vigo – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Centro Universitário Univates (Brasil) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Centro Universitário Univates (Brasil) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a University of South Dakota (EE.UU.) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a University of South Dakota (EE.UU.) para o intercambio de estudantes – Convenio de colaboración académica entre a Universidade de Vigo e o Ilustre Colexio de Avogados de Vigo – Convenio de colaboración académica entre a Universidade de Vigo e o Ilustre Colexio de Avogados de Ourense – Convenio de colaboración académica entre a Universidade de Vigo e o Ilustre Colexio de Avogados de Pontevedra – Memorando de entendemento entre a Universidade de Vigo e a Universidade de Santiago de Compostela (Mestrado en Arte Contemporánea, Creación e Investigación) – Convenio de colaboración entre a Consellaría de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para a realización de prácticas dos alumnos do “Máster interuniversitario en Técnicas Estatísticas” – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a State Marine Technical University (Rusia) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a State Marine Technical University (Rusia) para o intercambio de estudantes.

Apróbanse por asentimento.

**Punto 13.** Rogos e preguntas.

Intervén o Prof. José Luis Alba para pór de manifesto determinados problemas informáticos que dificultan o acceso aos certificados onde se recollen os descontos docentes dos profesores, di que deberían figurar na páxina web.

Intervén o prof. Armando Caballero para facer un rogo na mesma liña que o Prof. José Luis Alba e para manifestar o seguinte:

1º. Sobre o atraso na produción de transferencia, roga que o tempo se reduza.

2º. Que ten coñecemento de que o ministerio pretende limitar as memorias dos títulos en xuño e que pode supoñer unha modificación na duración dos títulos, pasándose ao formato 3+2.

O reitor responde que non hai ningunha información sólida que avance algún cambio respecto diso; que polo momento o Ministro de Educación non se pronunciou e tampouco

convocou ningún Consejo de Universidades; nin na CRUE se tratou ningún dos temas aos que alude.

Intervén o Prf. José Bienvenido para solicitar, en nome do Comité de PDI laboral, a inclusión dun representante sindical na Comisión de Reclamacións, e tamén que haxa representación sindical nos concursos de contratado doutor. Por outra parte, a petición dos sindicatos UGT e CCOO mostrar o malestar polo funcionamento da mesa de PDI, pola falta de negociación e o escaso prazo para estudar a documentación.

Intervén o Sr. Federico Fernández para informar que só se fixo unha proposta de 1/3 do convenio colectivo e considera que transcorreu o tempo necesario para facer unha proposta completa. Tamén solicita unha revisión da sinalización do Campus de Vigo.

O reitor responde que o equipo de goberno xa mantivo unha reunión co concelleiro para tratar os temas da sinalización.

Intervén o xerente para dicir que a denuncia do convenio foi o ano pasado, que á volta de semana santa comunicará o resto do convenio colectivo de acordo co novo marco normativo.


E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:20 horas do día 23 de marzo de 2012 da que eu como Secretaria Xeral dou fe co visto e prace do Reitor.

O Reitor



Salustiano Mato de la Iglesia

A Secretaria Xeral



M<sup>a</sup>. Inmaculada Valeije Álvarez